



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA ESTABLECER A RELACIÓN DE CONFIANZA E RECOÑECIMENTO DOS CERTIFICADOS EMITIDOS POLA AUTORIDADE DE CERTIFICACIÓN DA AVOGACÍA E A UTILIZACIÓN DESTES

REUNIDOS

Dunha parte, D. XOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO, en calidade de ALCALDE e en representación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela (en diante, o Concello).

E doutra parte, D. EVARISTO NOGUEIRA POL, na súa calidade de Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación da mencionada Corporación (en diante, o Colexio).

Os intervinientes afirman e recoñecen reciprocamente a súa suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para celebrar o presente Convenio, co fin de establecer as relacións de confianza nos certificados da Autoridade de Certificación da Avogacía, facilitar as comunicacións telemáticas entre os usuarios de sinatura electrónica e a Administración municipal; e todo isto formalízase no presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o establecemento das relacións de confianza nos tipos de certificados emitidos pola Autoridade de Certificación da Avogacía para membros do Colexio, o recoñecemento como válidos dos ditos certificados por parte do Concello, e a súa admisión cando os seus titulares os utilicen nas súas relacións co Concello.

SEGUNDA: Ámbito de aplicación

Os certificados dixitais de identidade, denominados certificados recoñecidos de acordo co previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, confiren a cada sinatura electrónica carácter único, permiten identificar o seu titular e son universais, polo que poderán ser utilizados para calquera relación xurídica que para o efecto manteñan os membros do Colexio nas súas relacións co Concello de acordo coas garantías e requisitos establecidos no presente convenio.

TERCEIRA: Recoñecemento

O Concello recoñece o certificado dixital da Autoridade de Certificación da Avogacía como identificador dixital e elemento de xeración de sinatura electrónica avanzada, e admite o seu uso nas relacións entre os avogados colexiados do Colexio e o Concello.

CUARTA: Procedemento de remisión de escritos

A presentación de escritos e comunicacións por medios telemáticos comportará o seguimento dun procedemento que constará das seguintes fases:

a) Remisión: Os membros do Colexio poderán enviar ao Concello por vía telemática todo tipo de escritos, comunicacións e recursos, con sinatura electrónica avanzada, no seu propio nome ou actuando en representación doutra persoa. Os correos electrónicos só terán validez se constan os seguintes campos e o correo electrónico está asinado electronicamente, en forma non cifrada:

- 1.1 Nome do avogado e número de Colexiado.
- 1.2 No seu caso, nome da persoa á que se estea representando. O Concello resérvase a facultade de solicitar, en calquera momento do expediente administrativo, a acreditación da dita representación.
- 1.3 Escrito ou documento que se acompaña para a súa presentación telemática.
- 1.4 Enderezo de notificación de correo ordinario.
- 1.5 Enderezo de correo electrónico do avogado.

O correo electrónico deberá ser remitido ao seguinte enderezo:
registro@aytocompostela.es

b) Tratamento: O Concello, cando reciba o correo enviado cos escritos adxuntos, rexistrará no Rexistro Xeral de entrada do Concello, e enviará ao Colexiado que o remite, outro correo no que se identificará o escrito presentado e se fará constar o número que se lle asigna no Rexistro Xeral de entrada do Concello así como a data e a hora do rexistro.

No caso de que logo de transcorrer 48 horas desde o primeiro día hábil seguinte ao envío do escrito, o Colexiado non recibise do Concello o correo anteriormente referido, deberá de poñerse en contacto coa Oficina de Atención ao Cidadán do Concello para confirmar a recepción do escrito e resolver as incidencias que se puidesen producir.

c) Cómputo de prazos: Considerarase, para os efectos do cómputo dos prazos, que o documento xa entrou no Rexistro Xeral do Concello no momento en que o usuario asinase o documento coa sinatura electrónica e o enviase por medios telemáticos ao Concello.

Se a recepción deste polo Concello se producise logo de transcorrer calquera prazo legal de carácter perentorio, o Concello poderá esixir ao Colexiado que, no prazo de dez días fixado no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, acredite que a remisión do correo electrónico se produciu dentro do prazo legalmente establecido.

d) Notificación de actos administrativos: Aínda que con carácter xeral as notificacións derivadas dos escritos presentados por medios telemáticos se efectuarán por escrito, o Concello potenciará o uso do medio telemático para efectuar as mencionadas notificacións, cando o Colexiado escollese a vía telemática como medio preferente de notificación, ou o consentise expresamente, e o Concello dispoña dos medios necesarios para levar a cabo a notificación por este medio.

QUINTA: Efectividade e duración do Convenio

O presente Convenio será efectivo desde o 1 de xaneiro de 2005, e estenderá a súa vixencia por un prazo de dous anos, prorrogarase automaticamente por períodos anuais se non concorre manifestación en contra dalgunha das partes cunha antelación mínima de un mes á data de vencemento.

SEXTA: Seguimento e revisión do Convenio

O Concello e o Colexio manterán reunións periódicas co fin de estudar e analizar o funcionamento do sistema de presentación de escritos, os problemas e dificultades que se presentasen e as solucións e melloras que se poidan adoptar.

Tanto o Concello como o Colexio poderán propoñer a revisión do presente convenio en calquera momento para introducir as modificacións que estimen pertinentes.

SÉTIMA: Confidencialidade

Toda a información recollida ou expresada polas partes en relación co desenvolvemento do presente Convenio, e en particular as solucións tecnolóxicas aportadas polas partes, terá carácter confidencial e non poderá ser revelada a terceiros, sen o previo consentimento, dado por escrito, da outra parte. Non obstante, para aqueles supostos en que se estime necesario, poderanse desenvolver acordos de confidencialidade específicos.

OITAVA: Protección de datos

O tratamento dos datos persoais, que precisen as partes que asinan o presente Convenio, para o desenvolvemento dos servizos de certificación, súxéitanse ao disposto na Lei orgánica 5/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, e nas disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

NOVENA: Dereito aplicable

O presente convenio enmárcase dentro das previsións contidas no artigo 4 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Sinatura electrónica e nas disposicións ditadas no seu desenvolvemento ou aquelas que sexan de aplicación.

Mediante a sinatura do presente Convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Convenio someteranse aos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela.

E en proba de conformidade por canto antecede, asinan os comparecentes o presente convenio en Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2005.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde
Concello de Santiago de Compostela

Evaristo Nogueira Pol
Decano
ICA Santiago